

PROCEDIMIENTO DE RECLAMACIÓN DE CUALIFICACIONES

Na elaboración do presente documento tívose coma referencia a seguinte normativa:

- Instrución 10/2023 da D.X. de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen os prazos e o procedemento para as reclamacións das cualificacións finais no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa.
- Ordes polas que se establecen a ordenación e ou currículo e se regula a avaliación das distintas etapas educativas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROCEDIMIENTO DE RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIONES DE EDUCACIÓN

PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

Só son obxecto de reclamación formal **as notas da última avaliación do curso ou as que son causa de promoción.**

Poderán solicitar por escrito a reclamación da súa cualificación final no prazo de dous días lectivos/hábiles a partir daquel en que se produciu a súa comunicación.

PRESENTACIÓN

- Solicítase por escrito dirixido á dirección do Centro a revisión da devandita cualificación nun prazo de dous días lectivos a partir daquel en que se produciu a súa comunicación. Isto faise, segundo o modelo de impreso anexo, na secretaría do centro, do cal se entregará acuse de recibo ao reclamante.

ANEXO I

REVISIÓN NO CENTRO

- Informe do equipo docente ou departamento didáctico. O equipo docente ou o departamento didáctico tomará a decisión de modificar ou ratificar a cualificación final. Realizarase o primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión.

O informe escrito explicará os motivos que fosen causa desa decisión facendo especial fincapé en:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de

aprendizaxe do alumno ou alumna cosrecolleitos na correspondente programación didáctica.

- *Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados cosinalado na correspondente programación didáctica.*
- *Correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia.*

□ *Realizarase unha reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.*

Con data de dous días lectivos ou, se fose o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión.

□ *Comunicación da decisión ao alumnado reclamante ou ao seu titor legal, se é menor de idade e á persoa docente titora; no prazo dun día lectivo, ou se fose o caso, hábil, seguinte. No caso de modificación o secretario modifica as actas cunha dilixencia con data.*

RECLAMACIÓN ANTE XEFATURA TERRITORIAL

□ *Tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final, poderá presentar por escrito á dirección do centro, no prazo de dous días hábiles a partir do seguinte día á comunicación sobre a decisión tomada, unha reclamación ante a Xefatura Territorial.*

□ *O dirección do centro elaborará un Expediente de reclamación que será enviado por sede electrónica á Xefatura Territorial. A xefatura territorial correspondente adoptará a resolución pertinente, que se comunicará á dirección do colexio para a súa aplicación e traslado á persoa interesada.*

TÁBOA RESUMO

<i>Trámites e actuacións</i>		<i>Prazo</i>
<i>Presentación</i>	<i>Reclamación formal ante a dirección</i>	Dous días hábiles , desde o día seguinte á comunicación
<i>Revisión no centro</i>	<i>Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (informe do equipo docente ou departamento didáctico)</i>	Primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	<i>Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas</i>	Dous días hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	<i>Comunicación da decisión (a resolución da revisión nesta fase correspóndelle en todo caso á dirección do centro) ao alumnado reclamante e á persoa docente titora</i>	Día hábil seguinte
	<i>Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final</i>	Tras o proceso de revisión
<i>Reclamación ante a Dirección Territorial</i>	<i>Reclamación ante a Dirección Territorial (se persiste o desacordo)</i>	Dous días hábiles , desde o día seguinte á comunicación da decisión adoptada. A dirección do centro debe remitir o expediente de revisión no prazo de dous días hábiles coa documentación relacionada
	<i>Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final</i>	Tras o proceso de revisión

ANEXO



Modelo reclamación ante o centro

DATA:

Ref.: Reclam_cualif-final

ASUNTO:

RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓN
FINAIS

DESTINATARIO:

SRA./SR. DIRECTORA/DIRECTOR DO _____

ALUMNA/O:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación coa/co alumna/o		DNI:
Enderezo a efectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final dada na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa mesma, formúlase a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación	
a)	A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recolleitos na correspondente programación didáctica.
b)	Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
c)	A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na decisión sobre a presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En _____, a _____ de _____ de 20_____

A/o alumna/o ou persoa reclamante*

Asdo.:

* A reclamación será formulada pola/o alumna/o no caso de ser maior de idade e polas súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, no caso de ser menor de idade.